



## Concello de Vilasantar

---

ACTA Nº 2020/9  
SESIÓN PLENARIA XOVES 10 DE DECEMBRO DE 2020

### ACTA Nº 2020/9

#### SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

XOVES 10 DE DECEMBRO DE 2020 -



## ACTA Nº 2020/9

Asistentes:

**PRESIDE:** FERNANDO JAVIER  
PÉREZ FERNÁNDEZ

**ASISTEN:**

BNG:

ÁLVARO XESÚS GARCÍA FREIRE.  
JOSE ANTONIO COTOS SEOANE.

PP:

JOSÉ EMILIO MAHÍA NEIRA.  
JOSÉ DAVID PINTOR PAZO-  
ÓSCAR VÁZQUEZ CORRAL.  
JESÚS GÓMEZ GARCÍA.  
MARÍA DEL CARMEN TORREIRO  
COTOS.

**AUSENCIAS:**

MARTA GARCÍA SÁNCHEZ.

**SECRETARIO:**

RICARDO GARRIDO CANEDA.

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O XOVES 10 DE DECEMBRO DE 2020

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 13:00 horas, baixo presidencia do señor alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria do Pleno da Corporación. Non hai ningún cidadán presente en calidade de público.

A continuación pasouse ao estudo da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes

acordos:

Vótase a urxencia para a súa inclusión na orde do día, dos seguintes asuntos:

- 1.- Punto quinto da orde do día: Modificación da composición da mesa de contratación.
- 2.- Punto sexto da orde do día: Moción presentada polo BNG referente ós puntos de acopio de madeira.

Ámbolos dous asuntos son considerados urxentes e inclúense na orde do día da presente sesión por unanimidade dos presentes.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na



### ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores..
- 2.- Dación de contas dos decretos de Alcaldía.
- 3.- Dación de conta das actas da Xunta de Goberno Local.
- 4.- Aprobación definitiva da Ordenanza de corta de madeira.
- 5.- Modificación da composición da mesa de contratación.
- 6.- Moción presentada polo BNG referente ós puntos de acopio de madeira.
- 7.- Rogos e preguntas.

#### 1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores:

Apróbase a acta do pleno 2020/8 por unanimidade dos presentes e a ausencia do concelleiro do BNG, Jose Antonio Cotos Seoane.

#### 2.- Dación de contas dos decretos de Alcaldía:

Dase conta por parte do señor Alcalde deste Concello, don Fernando Javier Pérez Fernández, dos decretos de Alcaldía dictados entre o 8 de outubro de 2020 ata o 4 de decembro de 2020.

#### 3.- Dación de conta das actas da Xunta de Goberno Local.

Dase conta por parte do señor Alcalde deste Concello, don Fernando Javier Pérez Fernández, das Actas da Xunta de Goberno Local 2020/9, 2020/10, 2020/11 e 2020/12.

Neste momento da sesión plenaria, o concelleiro do BNG, Álvaro Xesús García Freire, solicita que as actas da Xunta de Goberno se remitan ó conxunto dos concelleiros unha vez sexa aprobadas para, así, facer mellor uso do dereito de acceso á información propia dos cargos electos neste Concello. O conxunto do Pleno, por unanimidade dos presentes, acorda que así sexa.

#### 4.- Aprobación definitiva da Ordenanza de corta de madeira.

**Proposta de resolución de aprobación definitiva da Ordenanza reguladora das operacións forestais de corta, depósito e transporte de madeira no Concello de Vilasantar**

**Expte TEDEC: 2020/G014/000001**

Vistas as actuacións contidas no expediente 2020/G014/000001 mediante o cal se tramita o proxecto de modificación da Ordenanza reguladora das operacións forestais de corta, depósito e transporte de madeira no Concello de Vilasantar.

Visto que con data 11 de maio de 2020 e a través de resolución de Alcaldía desa mesma data, decídese a iniciación de expediente para a aprobación dunha modificación na Ordenanza reguladora das operacións forestais de corta, depósito e transporte de madeira no Concello de Vilasantar. O texto da modificación da



Ordenanza redactado polos servizos técnicos municipais amosa as seguintes características:

- Actualización normativa, eliminando a referencia ó artigo 28 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 1 da ordenanza.
- Engádega do seguinte texto ó final do cuarto guión do artigo 3 da ordenanza: “[...], con referencia expresa da localización dos puntos de amoreamento e carga de madeira ou biomasa”.
- Substitución do primeiro parágrafo do artigo 4 da ordenanza polo seguinte texto:  
“Os solicitantes de cada autorización de corte e saca de madeira deberán presentar coa solicitude o xustificante de presentación dunha fianza a favor do Concello de Vilasantar por cada un dos puntos de amoreamento e carga de madeira de madeira ou biomasa, os cales deberán ser sinalados de forma precisa na documentación á que se refire o artigo 3 desta ordenanza e que deberán localizarse fóra da zona de dominio público. Serán válidas todas aquelas fianzas presentadas a través dos procedementos establecidos pola lexislación vixente, co fin de responder do arranxo dos posibles danos que se puideran chegar a producir nas vías de dominio público empregadas para as labores das actividades afectadas pola ordenanza así como da súa limpeza.”
- Actualización normativa, substituindo a referencia ós artigos 9 e 199 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia, polo artigo 103 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, no artigo 7 da ordenanza.
- Actualización normativa, substituindo a referencia ó Real Decreto 1398/1993, así como á Lei 30/1992, pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, no artigo 7 da ordenanza.

Visto que con data 12 de maio emítase informe do Xefe da Dependencia en materia de Urbanismo en sentido favorable.

Visto que con data 25 de novembro de 2020 e número de rexistro de entrada 202099900000134, a Federación Empresarial de Aserradores y Rematantes de Madera de Galicia (FEARMAGA), con CIF V36639284, representada por don José Elier Ojea Ureña, con NIF 34902177E, en calidade de Presidente da referida Federación, presenta escrito de alegacións á aprobación inicial da modificación da ordenanza reguladora das operacións forestais de corta, depósito e transporte de madeira no Concello de Vilasantar.

Visto que estas alegacións se presentan en tempo e forma conforme ó disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dentro do prazo de 30 días a contar dende o seguinte á publicación da aprobación provisional



da ordenanza (data de aprobación en pleno 13 de agosto de 2020, data de publicación en BOP 15 de outubro).

Visto informe de Secretaría – Intervención referente ás citadas alegacións estimando desfavorablemente ás mesmas.

O Alcalde, en base ó anteriormente exposto, propón ao Pleno Municipal, como órgano competente para resolver, a adopción da seguinte

### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO:** Aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza reguladora das operacións forestais de corta, depósito e transporte de madeira no Concello de Vilasantar nos mesmos termos en que se presentou o proxecto daquela, unha vez que non se estiman as alegacións presentadas pola Federación Empresarial de Aserradores y Rematantes de Madera de Galicia (FEARMAGA), con CIF V36639284, representada por don José Elier Ojea Ureña, con NIF 34902177E, en calidade de Presidente. O texto da modificación da Ordenanza redactado polos servizos técnicos municipais amosa as seguintes características:

- Actualización normativa, eliminando a referencia ó artigo 28 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 1 da ordenanza.
- Engádega do seguinte texto ó final do cuarto guión do artigo 3 da ordenanza: “[...], con referencia expresa da localización dos puntos de amoreamento e carga de madeira ou biomasa”.
- Substitución do primeiro parágrafo do artigo 4 da ordenanza polo seguinte texto:  
“Os solicitantes de cada autorización de corte e saca de madeira deberán presentar coa solicitude o xustificante de presentación dunha fianza a favor do Concello de Vilasantar por cada un dos puntos de amoreamento e carga de madeira de madeira ou biomasa, os cales deberán ser sinalados de forma precisa na documentación á que se refire o artigo 3 desta ordenanza e que deberán localizarse fóra da zona de dominio público. Serán válidas todas aquelas fianzas presentadas a través dos procedementos establecidos pola lexislación vixente, co fin de responder do arranxo dos posibles danos que se puideran chegar a producir nas vías de dominio público empregadas para as labores das actividades afectadas pola ordenanza así como da súa limpeza.”
- Actualización normativa, substituíndo a referencia ós artigos 9 e 199 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia, polo artigo 103 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, no artigo 7 da ordenanza.



- Actualización normativa, substituíndo a referencia ó Real Decreto 1398/1993, así como á Lei 30/1992, pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, no artigo 7 da ordenanza.

**SEGUNDO:** Publicar dito acordo definitivo co texto da modificación da Ordenanza reguladora das operacións forestais de corta, depósito e transporte de madeira no Concello de Vilasantar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**TERCEIRO:** Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para suscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto .

**CUARTO:** Dar traslado do acordo e do texto definitivo da Ordenanza Municipal á *Subdelegación* do Goberno en Coruña e ó órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia , ós efectos oportunos.

**QUINTO:** A Ordenanza entrará en vigor, de conformidade co establecido no artigo 70.2 Lei Reguladora das Bases de Réxime Local unha vez se publique o acordo e transcorra o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

Tras a cesión de palabra do Señor Alcalde ó Secretario – Interventor deste Concello para a explicación das alegacións presentadas no trámite de exposición pública, procédese á votación, quedando a modificación da ordenanza de referencia aprobada por unanimidade.

## 5.- Modificación da composición da mesa de contratación.

### MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE VILASANTAR

**EXPTE.: 2020/G010/000009**

Vista a composición actual da Mesa de Contratación Permanente do concello de Vilasantar publicada no BOP A Coruña n.º 31, de venres 14 de febreiro de 2020, aprobada polo Pleno municipal en sesión celebrada o día 7 de novembro de 2019 e que se transcribe a continuación:

“Presidente:

Fernando Pérez Fernández, alcalde do Concello de Vilasantar, ou persoa que o substitúa.

Vogais:

Ricardo Garrido Caneda, secretario – interventor do concello, ou persoa que o substitúa.

Emilio Fernández Pérez, técnico municipal, ou persoa que o substitúa.

Lourdes García Sánchez, persoal laboral municipal, ou persoa que a substitúa.

Secretaria:



Isabel Novo López, funcionaria municipal, ou persoa que a substitúa.”

Visto que dende a aprobación da citada composición da Mesa de Contratación Permanente do concello de Vilasantar se produxo a baixa por xubilación do técnico municipal.

Visto que a proposta de modificación da composición da Mesa de Contratación Permanente do concello de Vilasantar implicaría o seguinte listado de membros:

**Presidente:**

Fernando Pérez Fernández, alcalde do Concello de Vilasantar, ou persoa que o substitúa.

**Vogais:**

Ricardo Garrido Caneda, secretario – interventor do concello, ou persoa que o substitúa.

Ana Belén Vázquez Garea, personal laboral municipal. Suplente: Mercedes Costoya Cortés ou persoa que a substitúa.

Lourdes García Sánchez, persoal laboral municipal. Suplente: María Trinidad Veiras Freire, ou persoa que a substitúa.

**Secretaria:**

Isabel Novo López, funcionaria municipal. Suplente: María Montserrat Varela Vázquez ou persoa que a substitúa.

Visto a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 na que se establece o réxime xurídico das mesas de contratación no ámbito local.

Á vista do expediente, o Pleno deste Concello acorda:

**Primeiro:** Aprobar a modificación da composición da Mesa de Contratación Permanente do concello de Vilasantar, co seguinte listado de membros:

**Presidente:**

Fernando Pérez Fernández, alcalde do Concello de Vilasantar, ou persoa que o substitúa.

**Vogais:**

Ricardo Garrido Caneda, secretario – interventor do concello, ou persoa que o substitúa.

Ana Belén Vázquez Garea, personal laboral municipal. Suplente: Mercedes Costoya Cortés ou persoa que a substitúa.

Lourdes García Sánchez, persoal laboral municipal. Suplente: María Trinidad Veiras Freire, ou persoa que a substitúa.

**Secretaria:**

Isabel Novo López, funcionaria municipal. Suplente: María Montserrat Varela Vázquez ou persoa que a substitúa.



**Segundo:** Publicar a nova composición da Mesa de Contratación Permanente do concello de Vilasantar no BOP A Coruña.

**Terceiro:** Se de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.

### **6.- Moción presentada polo BNG referente ós puntos de acopio de madeira.**

MOCIÓN PARA A CREACIÓN DE PUNTOS DE ACOPIO DE MADEIRA EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A actividade madeireira ten cada día máis importancia no concello de Vilasantar, cada día vemos como aumenta a superficie forestal e, co remate das parcelarias de San Vicente e Barbeito, pensamos que a incidencia do monte na nosa economía vai ser superior.

A industria da madeira ten moita importancia xa que xera moitos postos de traballo e aumenta as rendas dos nosos veciños e veciñas.

Sen embargo faise moi necesario que nos encamiñemos cara unha xestión sustentable do noso monte, polo que imos aprobar unha ordenanza para intentar eliminar ou reducir ao máximo os graves problemas que hoxe presenta o sector e que son entre outros os importantes impactos sobre a rede viaria municipal causados pola maquinaria forestal e os labores de extracción e carga de madeira.

Ao mesmo tempo que pretendemos velar pola debida conservación das vías públicas de titularidade municipal, que poden ser obxecto de danos polas operacións de corta, extracción e plantación da madeira, tamén neste contexto o Concello ten que expresar a súa vontade de procurar emprazamentos en terreos públicos para facilitar puntos de acopio da madeira cortada.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción dos seguintes

#### ACORDOS

- 1.- Facer un estudo nun prazo o máis breve posible que nos permita sinalar os mellores lugares de emprazamento de puntos de acopio de madeira en todo o concello.
- 2.- En colaboración cos propietarios, e chegando a acordos cos veciños e veciñas, o concello en función do estudo realizado creará un plan para dotarnos cos terreos necesarios para realizar estes puntos de acopio dunha forma planificada nun período breve de tempo.

O concelleiro do BNG, Jose Antonio Cotos Seoane toma a palabra para dar lectura e explicar a moción presentada polo seu grupo político.





A continuación, o señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, indica que a proposta realizada polo BNG referente á instalación de puntos de acopio de madeira non sería operativa por ser necesarias a implementación de moitos puntos de acopio . Asegura que non existen suficientes terreos municipais para tal fin, Así mesmo, asegura que coa nova ordenanza e o depósito de fianzas sería suficiente para que a actividade madeireira non implicase un maior impedimento para o correcto mantemento das instalacións municipais.

O concelleiro do BNG, don Jose Antonio Cotos Seoane, manifesta que os desperfectos realizados habitualmente nas instalacións municipais, nomeadamente nas vías de tránsito de vehículos, son tantos que hai que buscar unha solución, tanto ós desperfectos ocasionados como á problemática entre particulares para a autorización dos acopios así como para evitar o uso de estradas.

Tras este debate, o BNG retira a moción e acórdase que no futuro o Concello negociará ou acordará cos propietarios dos montes afectados por unha corta de madeira, o establecemento de puntos de acopio nas zonas conflictivas.

### 7.- Rogos e preguntas.

1.- Cando se fan efectivas as subvencións da convocatoria do ano 2019? En que data se van a publicar a convocatoria do ano 2020?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, explica que as subvencións correspondentes ó ano 2019 están en fase de xustificación e que as do ano 2020 están pendentes da publicación da súa convocatoria no BOP. Ademais, indica que as nominativas están en trámite.

2.- Cales son os criterios que utiliza o concello para o aglomerado das pistas?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, indica que se estende aglomerado pola maior calidade do material e aplícase nas zonas de acceso a explotacións, ás zonas máis desgastadas e erosionadas, etc.

O concelleiro do BNG, Jose Antonio Cotos Seoane, indica que se debería favorecer máis o interese xeral e non tanto o particular, Pon o exemplo da pista de Barbeito.

3.- Cales son os criterios que utiliza o concello para o asfaltado das entradas nas casas e explotacións dos particulares?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, manifesta que o Concello non realiza actuacións a cargo do orzamento municipal en espazos privados.

4.- A Xunta de Galicia sacou a concurso varias rutas de autobuses que teñen a orixe, destino ou pasan polo noso concello. De que información dispón o concello para a entrada en funcionamento das mesmas, das variacións que se fan, dos percorridos e dos horarios?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, indica que ten información segundo a cal, a partires do 14 de decembro estarán en exposición pública as rutas referidas na pregunta. Ademais, asegura que o Concello fomentou, da man da Xunta



de Galicia, o establecemento da liña interna de transporte público polo territorio municipal cara Curtis.

5.- Cantas solicitudes de subvencións para autónomos e microempresas se tramitaron no PEL-REACTIVA? Cal é o importe total das solicitudes?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, informa de ata seis solicitudes presentadas. O importe a conceder dependerá da valoración das propias solicitudes.

O concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire, pregunta se hai partida orzamentaria. Ante esta pregunta o Alcalde afirma que si.

6.- Cales son axudas técnicas das que dispón o concello para poñer a disposición dos usuarios do servizo de Axuda no Fogar (gruas, camas articuladas...)? En que ano se mercaron?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, expón que existen dúas camas e unha grúa.

7.- Entrégase algún documento ás persoas beneficiarias do servizo de axuda no fogar (SAF) que recolla a relación de tarefas que deben realizar as traballadoras en cada domicilio ao que asisten?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, indica que as persoas beneficiarias teñen no seu expediente o seguinte:

- Contrato da prestación do servizo.
- As tarefas correspondentes, asinado pola traballadora social municipal e a persoa beneficiaria.
- Domiciliación bancaria.
- Documentación de protección de datos.
- Documentos técnicos da traballadora social.
- Seguimento periódico dos usuarios.

8.- Cal é motivo da perda de subvención para a contratación dunha brigada de catro operarios durante tres meses?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, indica que os custos a financiar con fondos propios eran suficientemente altos como para poder asumilos, sendo unha competencia autonómica.

9.- Que medidas se adoptaron, ou van adoptar, para resolver os malos olores do alcantarillado de Vilasantar que despois de varios meses de protestas xa está claro que si existen?

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, amosa a súa vontade de arranxar ditos problemas. Así, realizarase un estudo na zona a cargo dunha empresa especializada.

10.- Nestes momentos que o concello ten un número importante de traballadores queremos coñecer quen coordina e distribúe o traballo en cada área, persoal de mantemento, axuda a domicilio...etc



## Concello de Vilasantar

---

ACTA Nº 2020/9  
SESIÓN PLENARIA XOVES 10 DE DECEMBRO DE 2020

O señor Alcalde, don Fernando Javier Pérez Fernández, indica que no Servizo de Axuda no Fogar e noutros servizos da área social, a coordinación realízaa a traballadora social. Nos aspectos de mantemento e infraestructuras a coordinación realízaa el mesmo. No tocante ó traballo de oficinas, dita coordinación realízase entre a Secretaría – Intervención e o propio Alcalde.

11.- O concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire, manifesta que o concello de Vilasantar non aparece como asinante do convenio coa AMTEGA. Acórdase averiguar este particular.

Ás 14:45 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Vilasantar, lúns 1 de febreiro de 2021

O secretario, Ricardo Garrido Caneda

Visto e praxe, O alcalde, Fernando Pérez Fernández